



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

## **ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 4 DE AGOSTO DO 2008.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día 4 de agosto do 2008 a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: , Dona Manuela Iglesias Collarte, e Don Anxo Collarte Pérez

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández, estando tamén presente a Interventor Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

### **1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado vinteito de xullo do dous mil oito (Ordinaria).

### **CORRECCION DE ERRO.-**

Habéndose advertido un erro na Xunta de Goberno Local, de data 21 de xullo pasado, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda rectificala quedando o acordo do seguinte xeito:

Onde di:

“Visto o expediente a nome de **Don Guillermo López Carballal en representación de Construcciones, Excavaciones y Edificaciones López Carballal**, con domicilio no Lugar de Francelos, Ribadavia, relativo á subvención para actuacións na área de rehabilitación do casco histórico de Ribadavia, no inmobile sito na rúa Salgado Moscoso nº14 desta Vila, A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe emitido dende a oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade, acorda prestar aprobación á certificación fin de obra e a proposta de subvención a cargo do Ministerio de Vivenda por importe de 51.423,86 euros, e da Consellería de Vivenda por importe de 51.423,86 euros, xa que as obras foron executadas de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións de rehabilitación no ARI do Casco Histórico e o Convenio de Colaboración entre o I.G.V.S. e o Concello, remitindo o devandito expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo”



Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia

Debe dicir:

A) “Visto o expediente a nome de **Don Guillermo López Carballal en representación de Construcciones, Excavaciones y Edificaciones López Carballal**, con domicilio no Lugar de Francelos, Ribadavia, relativo á subvención para actuacións na área de rehabilitación do casco histórico de Ribadavia, no inmovible sito na rúa Salgado Moscoso nº14 desta Vila, na vivenda sita na planta 1ª, A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe emitido dende a oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade, acorda prestar aprobación á certificación fin de obra e a proposta de subvención a cargo do Ministerio de Vivenda por importe de 6.000 euros, e da Consellería de Vivenda por importe de 5.000 euros, xa que as obras foron executadas de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións de rehabilitación no ARI do Casco Histórico e o Convenio de Colaboración entre o I.G.V.S. e o Concello, remitindo o devandito expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo”

B) “Visto o expediente a nome de **Don Guillermo López Carballal en representación de Construcciones, Excavaciones y Edificaciones López Carballal**, con domicilio no Lugar de Francelos, Ribadavia, relativo á subvención para actuacións na área de rehabilitación do casco histórico de Ribadavia, no inmovible sito na rúa Salgado Moscoso nº14 desta Vila, na vivenda sita na planta 2ª B/C, A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe emitido dende a oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade, acorda prestar aprobación á certificación fin de obra e a proposta de subvención a cargo do Ministerio de Vivenda por importe de 6.000 euros, e da Consellería de Vivenda por importe de 5.000 euros, xa que as obras foron executadas de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións de rehabilitación no ARI do Casco Histórico e o Convenio de Colaboración entre o I.G.V.S. e o Concello, remitindo o devandito expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo”

## 2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.

## 3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.

1.-Solicitud de vado efectuada por Dona Purificación Dominguez Vello na avenida de Redondela numero 29.

Consta informe da policía local no que se fan as seguintes consideracións:

*Debera anotarse en el registro de vados y dar cuenta a la policía local del número de placa correspondiente. Se informa favorablemente la solicitud.*

Consta informe do aparelador no que se fan as seguintes consideracións:



Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia

*Me ratifico no informe de 6 de xullo do 2008 sempre supeditado o cumprimento das disposicións mínimas.*

Deliberado sobre o particular a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos seus membros denegar a licenza solicitada, sita na avda Redondela nº 29, (enfrente do cobertizo) posto que non cumpre coas medidas mínimas para o uso pretendido.

2.-Solicitud de vado efectuada por dona Purificación Domínguez Vello na avenida de Redondela número 29, referida o espazo sito diante do garaxe e non o sito diante do cobertizo.

Consta informe da policía local no que se fan as seguintes consideracións:

*Debera anotarse en el registro de vados y dar cuenta a la policía local del número de placa correspondiente. Se informa favorablemente la solicitud.*

Consta informe do aparellador no que se fan as seguintes consideracións:

*O solicitado non corresponde a ningún dos supostos previstos no artigo 4 da ordenanza, sendo o seu otorgamento facultade da alcaldía.*

Deliberado sobre o particular a xunta de goberno local acorda por unanimidade dos seus membros outorgar o uso común especial de dominio público a solicitante (na avda Redondela nº 29 enfrente da vivenda unifamiliar), por un período de tempo indefinido debendo ser renovada anualmente tralo aboamento das taxas correspondentes, reservándose o Concello a posibilidade de revocar a autorización sin dereito a indemnización. O outorgamento da licenza de pasaxe esixirá a instalación, no exterior do inmovible, da seguinte sinalización, que deberá asumir o titular da licenza:

estacionamento axustado ó modelo oficial, que será facilitado polo Ilmo. Concello tralo aboamento das taxas correspondentes.

b) A placa deberá conter obrigatoriamente as seguintes características:

- Denominación da pasaxe: permanente ou laboral.

- Nos supostos de pasaxe laboral deberá indicarse o horario, ben o xenérico ou o que a Comunidade Autónoma autorice para cada actividade.

c) A instalación dunha rampla metálica na beirarrúa ou rebaixe do bordo, será pintado con cor amarela.



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

3.- Comunicacion da empresa Aqualia con data de rexistro de entrada 17 -07-2008 sobre a necesidade de mellora dun vial de acceso a E.D.A.R de Francelos para conseguir unha xestion adecuada dos lodos conrtaminantes.

#### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, toma coñecemento dos seguintes:

1.- Comunicacion da Sala do Contencioso Administrativo do TSX en relación co recurso de apelación interposto por Dona Elisa Lopez Alberte contra a sentenza dictada no recurso 91/2006 do Xulgado do Contencioso Administrativo de Ourense, DESESTIMATORIO e mediante o que se impoñen as costas o recurrente.

2.- Comunicacion da Xunta de Galicia, Presidencia, con data de rexistro de entrada 30 de xullo do 2008, número R/E 4602, relativo a denegacion de outorgamento de subvencion para estudos de cobertura do sinal, realización de proxectos técnicos e dotación de equipamentos para o servizo de television dixital terrestre.

3.- Comunicacion da Xunta de Galicia, Vicepresidencia, con data de rexistro de entrada 01 de agosto de 2008 numero R/E 4647 mediante a que se otorga unha subvencion destinada a favorecer e dinamizar o compromiso coa igualdade de oportunidades de mulleres e homes, por importe de 1875 euros.

4.- Comunicacion da Xunta de Galicia, Conselleria de Traballo pola que se concede unha subvención para a realización de actividades de información orientadas a busca de emprego, por importe de 48.095,83 para o ano 2008 e 17.110,72 para o ano 2009.

5.- Comunicacion do Ministerio De Medio Ambiente e Medio Rural e Marino con data de rexistro de entrada 22-7 2008 relativo a incoccion de expediente sancionador contra Aqualia, establecendo a posibilidade de efectuar alegacions no prazo de dez dias se o estima conveniente.

6.- Comunicacion da Xunta de Galicia, Vicepresidencia, con data de rexistro de entrada 1-08-2008 relativa a subsanacion da documentacion presentada sobre subvencions destinadas a prestacións de servizos sociais polas corporacions locais.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1. Acreditar que o centro social de Sampaio con direccion en campo da escola s/n e de titularidade Municipal.

2. Fai constar que a normativa urbanistica do Concello permiten a realizacion da obra sobre o referido inmovible.

#### **5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

##### **CONCESIÓN SUBVENCIÓN A ENTIDADES DEPORTIVAS**

“ Vistas as bases para a convocatoria de subvencións a entidades deportivas, aprobadas por a Xunta de Goberno Local o día 21 de abril de 2008 e publicadas no BOP de 05.06.08.



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

Tendo en conta as solicitudes presentadas pola entidades deportivas e vista a valoración recollida na acta da sesión da Comisión Técnica constituída ao efecto o día 30 de xullo de dous mil oito, así coma a proposta da mesma de conceder subvencions as entidades solicitantes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Conceder subvención polo importe sinalado as seguintes entidades deportivas:

Ribeiro F.C, por importe de 819,39 euros.

Asociacion Mizukami, por importe de 501,93 euros.

Agrupacion Deportiva Cultural Ribeiro, por importe de 1.051,05 euros.

Francelos F.C., por importe de 622,05 euros.

Segundo.- Comunicarlle a ditadas entidades que deberá cumprir coas bases para a convocatoria de subvencións a entidades deportivas, especialmente no relativo as obrigas dos beneficiarios e a xustificación do emprego da subvención no prazo de tres meses dende a finalización da actividade, a través da presentación da documentación que nas mesmas bases se sinala.

Terceiro.- Comunicar dito acordo as entidades interesadas co réxime de recursos que proceda.”

#### **XERACIÓN DE CRÉDITOS Nº7/08.-**

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación o Expediente de xeración de créditos nº7 /08, por importe de 224.262,76 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal”.

#### **6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dúas e cuarto do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

O ALCALDE

O SECRETARIO